|-----|---|-------------------------------------|---|--|-----------------|----|----------|---|---|---|--|--------------------|
| 127 | L | Servicios Generales.                | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Conserxe-       | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | Futbol   |                    |
| 128 | L | Servicios Generales.                | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Conserxe-Futbol | 14 | 2.614,02 | 1 | 0 | L | Futbol   | Parcial            |
| 129 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento | Empresa "Matadero" |
| 130 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 131 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 132 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 133 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 134 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 135 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 136 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 137 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |
| 138 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM         | 14 | 5.228,04 | 1 | 0 | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |                    |



**EXCMO.CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

|     |   |                                     |   |  |         |    |          |     |    |   |  |  |
|-----|---|-------------------------------------|---|--|---------|----|----------|-----|----|---|--|--|
| 139 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 140 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 141 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 142 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 143 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 144 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 145 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 146 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
| 147 | L | Técnica, de Mantenimiento y Oficios | E | · Certificado de Escolaridad y equivalente | Peon SM | 14 | 5.228,04 | 0   | 1  | L | servicio de obras,infraestructuras y mantenimiento |  |
|     |   |                                     |   |  |         |    |          | 118 | 29 |   |  |  |



Comuníquese o presente acordo a Funcionaria encargada da tramitación dos expedientes de persoal así como ao Interventor municipal e aos representantes do persoal funcionario e delegados do Comité de Empresa.

**5º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Polo Sr. Alcalde explícanse as razóns da proposta, indicando que entre outras vantaxes que acadará está d'í a da sinxeleza na forma de emisión dos informes urbanísticos e técnicos de modo que sexan o máis comprensibles posible para o solicitante. Que se trata de aprobar o texto que se veu na Comisión Informativa de Obras aínda que d'í se terán en conta para posteriores modificacións as propostas feitas polo grupo do PP.

Interven seguidamente o concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, que indica que na Comisión Informativa dado el número de expedientes e asuntos a examinar ao final da mesma él mesmo aportou as suxestións do PP polo que lle gustaría que este asunto se examinara nunha Comisión Informativa. Que se dixo tamén que este texto provía do Concello de Santiago pero que a eles lles parece que é do Concello de Madrid. Solicitan que se vexa o asunto nunha nova sesión da Comisión Informativa de Economía e Facenda á vista do escaso tempo que houbo para o seu estudo na derradeira sesión desta e que desa maneira quede sobre a mesa.

Aceptada a solicitude do concelleiro do PP polo Sr. Alcalde, o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda deixar o asunto sobre a mesa para o seu estudo e dictame nunha próxima Comisión Informativa de Obras.

**6º.- APROBACIÓN DA ASUNCIÓN DE COMPROMISOS EN CUMPRIMENTO DA ORDE DE 31 DE XULLO DE 2006 PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas expónse que, de conformidade coa Orde do 31 de xullo de 2006, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regula o réxime de axudas ás Corporacións Locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento, en concellos de menos de 20.000 habitantes, tratándose desta maneira de conseguir para a adquisición de vehículos contra incendios, unha aportación do 75%, con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia, e polo tanto este Concello ten que acadar o compromiso de contraer a obriga orzamentaria do gasto total necesario para a adquisición do vehículo, así como dispoñer do persoal para o seu uso e asumir igualmente os custos de mantemento, seguros e inspeccións técnicas.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño, que di que se estude a posibilidade de valorar as necesidades para adecuar ao máximo a solicitude a éstas. Que abogarí pola compra dun tractor.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (17), acorda:

1º.- Aprobar o compromiso de contraer nos orzamentos municipais a obriga orzamentaria do gasto total necesario para a adquisición dun vehículo contra incendios e salvamento.

2º.- Comprometerse a dispoñer de persoal permanentemente para o uso do vehículo.



3º.- Asumir os custos de mantemento, seguros e inspeccións técnicas durante o período de vida útil do vehículo.

4º.- Dar traslado do presente acordo ao Director do Centro municipal de Servizos Sociais.

**7º.- DACIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2007**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, dáse conta de que, a efectos de cumprir o prazo fixado pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, cómpre tomar acordo das festas locais de Viveiro para o ano 2007 que van ser nas datas de costume, é dicir: martes de Antroido, que o próximo ano é o 20 de febreiro e a festividade de San Roque que é o 16 de agosto

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, acorda, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), fixar as seguintes festas locais para o ano 2007:

- Martes de Antroido, día 20 de febreiro.
- Festividade de San Roque, 16 de agosto.

Dáse traslado á Delegación Provincial da Consellería de Traballo.

**8º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

**9º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA RELATIVAS Á FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS:**

**9.1.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE TERREOS EN CELEIRO.**

Polo Sr. Alcalde manifestase que retira o asunto da orde do día xa que se atopa pendente do informe técnico da viabilidade de alturas propostas polo promotor.

E o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (17), acorda quedar informado do asunto.

**9.2.- COA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE GARAXES BLOQUE 1 DE SAN LÁZARO PARA A CANALIZACIÓN DE SANEAMENTO.**

Polo Sr. Alcalde maniféstanse sucintamente os termos do convenio.

Aberta a quenda de intervencións prodúcese unicamente a do voceiro do PP, D. César Aja Mariño que indica a conformidade do seu grupo coa proposta.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (17), acorda aprobar a proposta da Alcaldía que textualmente dí:

“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE GARAXES DO EDIFIZO BLOQUE I DE SAN LÁZARO.

Na casa do Concello de Viveiro, a sete de setembro de dous mil seis.



## **REUNIDOS**

Dunha parte, don Melchor Roel Rivas, veciño de Viveiro, con DNI núm. 32.626.871 – L.

## **INTERVEÑEN**

O primeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Viveiro.

A segunda, como presidenta da Comunidade de Propietarios dos garaxes San Lázaro, sitos no Bloque I do grupo de Vivendas de San Lázaro de Viveiro, con CIF H 27183433.

## **EXPONEN**

**Primeiro.** Que este Concello é propietario dun local situado no semisótano do bloque I do grupo de vivendas San Lázaro de Viveiro, que figura con referencia catastral. Núm. 3662908PJ1336S, e ocupa unha superficie construída de 310,97 m<sup>2</sup> e útil de 290,40 m<sup>2</sup>. O devandito local figura na actualidade dividido en dúas estancias grandes que se comunican a través dun corredor de entrada e que foron cedidos temporalmente polo Concello a Cáritas Diocesanas Mondoñedo-Ferrol.

**Segundo.** Que se pretenden levar a cabo en breve prazo obras de construción de dous aseos munha das estancias citadas no apartado anterior, consonte á memoria redactada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, o día 16 de xuño de 2006.

**Terceiro.** Que ao estar rematado o edifizo e non dispor os locais de instalación de auga e de saneamento, faise necesario por temas técnicos, baixar a canalización de saneamento a través dos garaxes que ocupan a planta inmediatamente inferior, pertencente á Comunidade de Propietarios dos garaxes do devandito edifizo. É dicir, baixar a canalización polos garaxes que se atopan na planta inferior ao local do Concello para levalos ata as arquetas que van ao seaneamento xeral.

Con base nos anteriores antecedentes, as partes intervintes neste contrato,

## **COMPROMÉTENSE**

A Comunidade e Propietarios a deixar levar a cabo as obras de canalización de saneamento polos garaxes da súa propiedade e, o Concello de Viveiro, a facerse reponsable de todas as incidencias que poidan causar as referidas obras, así como ao mantemento futuro do correcto estado das instalacións, procurando reparar de forma inmediata calquera dano que cause prexuízo á citada Comunidade.

E en proba de conformidade, ámbalas partes asinan este contrato no lugar e día indicados, por triplicado exemplar.

## **10º.- PROPOSTA DE HONRAR A FIGURA DE D. ISAAC DÍAZ PARDO.**

Polo Sr. Alcalde expónse que o texto desta proposta se remitiu polo Sr. Alcalde de Catoira e lle parece interesante que o Pleno se pronuncie sobre este asunto. Non se producen intervención e o



Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete) acordan aprobar a proposta que transcrita textualmente dí:

**“Os Concellos galegos honran a figura de Isaac Díaz Pardo**

As entidades locais asumen que Galicia no seu conxunto ten unha débeda con Isaac Díaz Pardo e desexan facer fronte á parte alícuota que lles corresponde para que a historia non llelo demande.

Díaz Pardo é un home imprescindible na historia e na cultura galegas da segunda metade do século XX. Queremos salientar a súa figura de industrial da fábrica de cerámica do Castro e despois da de Sargadelos, que, ademais de producir obxectos industriais, contemplaba a recuperación do modelo empresarial que supuxera a fábrica fundada por Antonio Raimundo Ibáñez, a empresa de máis alento e prestixio do noso paado industrial, guiada polas luces da Ilustración.

A súa obra demostra que industrialización e cultura nin sdeben nin teñen por que ser dous mundos de costas e sen comunicación entre si senón espazos que se enriquecen mutuamente tanto no ámbito puramente industrial do deseño e das formas como no que atinxe á labor pedagóxica de investigación e de difusión que está a espallar polo mundo unha imaxe de marca de Galicia que amosa a un poibo capaz de poñer a súa tradición ao servizo da vangarda e do progreso.

O mundo dos concellos galegos, con este acto de recoñecemento, quere relacionar tamén esta decisión co Ano da Memoria que estamos a celebrar.

Díaz Pardo é e foi sempre un militante da memoria. En 1964 participa na fundación na Arxentina do Laboratorio de Formas, xunto a outros exiliados, especialmente Luís Seoane. É tamén a alma da cración de Edicións do Castro, do Museo Galego de Arte Contemporánea “Carlos Maside” do Instituto Galego de Información, e da recuperación do Seminario de Estudos Galegos. Esa unión de dúas personalidades creadoras como a de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo deu lugar a unha das propostas culturais privadas das máis importantes e trascendentes de cantas se teñan feito na Galicia posterior a 1936.

Para que se materialice este recoñecemento, as entidades locais deciden tamén entregarlle a Isaac Díaz Pardo un pergamino de honra que se lle fará cegar na maneira e no momento que se acorde”

**11º.- MOCIÓNS DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR:**

**11.1.- DEFENSA DOS INTERESES DO SECTOR LEITEIRO GALEGO.**

Polo Sr. Alcalde cédesse o uso da palabra ao grupo do PP producíndose a lectura da moción polo concelleiro dese grupo D. Antonio José Bouza Rodil, moción que textualmente dí:

“MOCIÓN

Nestes días seguese a tramitar polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) o proxecto do Plan de Restauración do Sector Productor Leiteiro. Coa súa redacción actual o **plan é claramente perxudicial para o sector leiteiro galego e favorece a outras comunidades autónomas.** As noticias da reunión da Ministra con Consellerios das Comunidades Autónomas (CC.AA.) na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, e as informacións posteriores anuncian un acordo político sobre o proxecto e confirman aspeores previsións para Galicia.



O proxecto do Plan prexudica a Galicia porque impide que a cota leiteira siga medrando en Galicia ao ritmo que o viño facendo nos últimos anos. Isto vai ocorrer porque, por unha parte, **se prohibe a libre compraventa de cota** non só en Galicia senón tamén noutras CC.AA., e Galicia foi nos últimos anos a comunidade autónoma que máis cota emprou noutras comunidades; e por outra parte, **no reparto da cota que o Ministerio compre noutras CC.AA., Galicia so vai poder acceder o 20% da mesma**, quedando o restante 80%

Interven o Sr. Alcalde decindo que formula a seguinte pregunta ¿cómo vai el a instar ao Presidente da Xunta de Galicia e ao concelleiro de Medio Rural a defender con lealdade e eficacia os intereses de Galicia?, xa que considera que sería unha presunción pola súa parte.

Seguidamente o voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, manifestando que na data de 18 de abril de 2006 se dirixiron nese sentido para que se seguiran criterios como na derradeira campaña e que si os que proponen a moción aceptan esta emenda, o seu grupo estaría disposto a apoiala, xa que non están de acordo cos termos en que esta redactada a moción do PP, para a continuación leer a súa emenda.

A seguir interven o concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifestando que está de acordo con dar un voto de confianza aos que gobernan e que o PP sabe moito de cotas pola experiencia que teñen en anteriores negociacións.

En contestación o concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, indica que este plan ten efectivamente algo bo, que é que pon a todo o mundo dacordo en rexeitalo; tanto a ganaderos como a produtores. Que o sector é moi importante nun medio que se atopa en trance de desaparición. Que non é un plan consensuado polas Comunidades Autónomas. Que a campaña láctea iniciouse o 1 de abril de 2006 e aínda non hai Plan Lácteo, engadendo que quizás esperen resultados de eleccións pendentes de efectuarse.

O Sr. Alcalde-Presidente volta a insistir en que el non vai a discutir da lealdade do Presidente da Xunta e do Concelleiro, polo que recomenda ao concelleiro do PP que examine as cotas conseguidas polo goberno de Manuel Fraga que sería dí as que foran posibles nese momento.

Nunha nova intervención o concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, di que o seu grupo non ten inconveniente en integrar na súa moción o texto lido por o voceiro do BNG; ao que o Sr. Alcalde puntualiza que non é integrar senon substituír un texto por outro.

Como quera que o grupo do PP, a través do concelleiro citado manifesta o acordo coa proposta, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete) acorda aprobar a moción do grupo Popular, de defensa dos intereses do sector leiteiro galego coa emenda feita polo grupo do BNG, que transcrito literalmente dí:

#### “MOCIÓN

Nestes días seguese a tramitar polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) o proxecto do Plan de Restauración do Sector Productor Leiteiro. Coa súa redacción actual o **plan é claramente perxudicial para o sector leiteiro galego e favorece a outras comunidades autónomas**. As noticias da reunión da Ministra con Conselleiros das Comunidades Autónomas (CC.AA.) na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, e as informacións posteriores anuncian un acordo político sobre o proxecto e confirman aspectos previsións para Galicia.

O proxecto do Plan prexudica a Galicia porque impide que a cota leiteira siga medrando en Galicia ao ritmo que o viño facendo nos últimos anos. Isto vai ocorrer porque, por unha parte, **se prohibe a libre compraventa de cota** non só en Galicia senón tamén noutras CC.AA., e Galicia



foi nos últimos anos a comunidade autónoma que máis cota cmprou noutras comunidades; e por outra parte, no **reparto da cota que o Ministerio compre noutras CC.AA., Galicia so vai poder acceder o 20% da mesma**, quedando o restante 80% .

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

“Dirixirse ao MAPA para que no Plan de Reestructuración do sector lácteo para a campaña 2006 se teñan en conta as alegacións presentadas pola Consellería do Medio Rural á proposta de borrador do Ministerior de Agricultura, e se contemplen criterios de reparto similares aos da pasada campaña e que supuxeron para Galiza un saldo neto favorable de 163.000 toneladas de cota láctea para a singularidade das explotacións leiteiras galegas”.

### **11.2.- ADOPCIÓN POLA XUNTA DE GALICIA DE MEDIDAS ECONÓMICAS POLAS PERDAS SOFRIDAS POLOS LUMES FORESTAIS.**

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño expónse que a moción presentouse o 23 de agosto do 2006 e polo tanto atópase desfasada polo que van a retirar o fundamento da exposición de motivos e propón o seguinte texto:

“D. César Aja Mariño, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Viveiro en nome e representación do mesmo e o amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1.986, eleva ó Pleno do Concello para o seu debate a seguinte:

“O concello inste á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Arbitrar as medidas económicas necesarias para facer fronte ás perdas sufridas polos veciños e veciñas de Galicia por mor da vaga de lumes forestais que asolou Galicia durante este verán, incluíndo en todo caso os perxuízos sufridos por:
  - a. Danos nas súas vivendas.
  - b. Establecementos comerciais ou industriais.
  - c. Explotacións gandeiras, agrícolas e forestais.
  - d. Danos causados en bens mobles da súa propiedade.
  - e. Gastos orixinados por mor de desprazamentos e realoxos causados pola ameaza do lume. Aprobaráse un procedemento urxente de axudas e indemnizacións para tódalas persoas afectadas.
  
- b) Indemnizar, asímesmo, as perdas causadas por mor da imposibilidade de desenvolver actividades profesionais e empresariais, especialmente no sector da hostelería, incluíndose, en todo caso, o lucro cesante, debidamente cuantificado.”

O Sr. Alcalde-Presidente interven para dicir que aunque é inaudito cambiar as propostas resulta comprensible pola situación pero que el considera máis conveniente solicitar que a Xunta de Galicia aboe o que non teña cobertura das compañías de seguros.

Polo voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, expónse que o seu grupo non esta conforme con que a moción fale dos lumes e se retire a exposición de motivos xa que creen que o asunto cumpre tratalo dumha forma seria. Que non ve en ningún sitio que se recoñeza que os incendios forestais son fruto do abandono do campo, da prantación de especies non doadas, de motivos urbanísticos, ou de políticas aplicadas por anteriores gobernos que convertiron os montes nun



auténtico polvorín xa que teñen hoxe máis combustible que fai dezaseis anos; indica que foi unha política urbanística errada a que motivou as inundacións. Que si se trata de pedir cartos para os damnificados vale, pero si se buscan os orixenes do problema... Que aquí en Viveiro non houbo incendios nin inundacións... Que ou se cambia a moción ou o seu grupo faría unha proposta aínda que considera máis conveniente deixar a moción para un Pleno seguinte e que englobe todos os aspectos do asunto.

O concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, di que houbo sorte, pois en Cantarrana pretendíase entubar completamente o río e considera que é moi necesario que o concello dispoña dun tractor para traballos no monte.

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño maniféstase aceptar as propostas do PS de G-PSOE, pero que non comparten as do BNG, aínda que as comprendan. Dí que este verano se actuou mal e as choivas posteriores non ocasionarian eses resultados sinon se estiveran a producir anteriormente os lumes; en canto a que o Urbanismo sexa dunha maneira ou de outra.. ou que as prantacións sexan as adecuadas, indica que quizás non sexa solo unha cuestión da Xunta de Galicia senon tamén do Estado. Que o único que lles piden e que as persoas ou negocios que sufriron perdas sexan indemnizados.

Interven novamente o concelleiro do BNG, decindo que o PP carece de lexitimidade para facer esas peticións citando que militantes do PP repartiron pasquines en Naseiro e que é un carroñerismo fixarse nas brigadas e non nos incendiarios; citando a seguir cifras das estatísticas dos lumes do 2003, 2004, 2005, 2006 e superficie queimada e dí que debido aos alcaldes do PP que estan a seguir unha política urbanística nefasta.

En contestación polo PP, o concelleiro D. José Joaquín Gayoso Roca, di qu esta cansado do fascismo puro o duro que manifesta o voceiro do BNG cando esta a decir que o PP non ten lexitimidade indicando que eles son españoles e poden falar e exponer as súas ideas como os demais.

Neste intre o Sr. Alcalde propón deixar pendente a moción dun estudio máis profundo ao que o voceiro do PP D. César Aja Mariño mantén a proposta do seu grupo de retirar a exposición de motivos da moción quedando soamente os apartados a) e b) da mesma e lembrando que foi o voceiro do BNG, o que abreu o debate coas súas aseveracións extemporáneas.

Non se producen outras intervencións e o Pleno da Corporación con maioría (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), e oito votos a favor (PP) acordan desestimar a moción do PP segundo os termos fixados polo voceiro dese grupo.

### **12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O INICIO DOS TRÁMITES DE DESAFECTACIÓN DO USO EDUCATIVO DO EDIFIZO DO ANTIGO COLEXIO “PEDROSA LATAS” DE CELEIRO PARA DESTINALO A USOS SOCIAIS OU CULTURALS.**

Polo Sr. Alcalde expónse que como os concelleiros coñecen o antigo colexio Pedrosa Latas de Celeiro atópase na actualidade sen uso educativo polo que pretenden destinar ese edifizo para usos sociais ou culturais indicando que previamente teran que tramitar a outorización previa da Consellería de Educación .

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete) acorda:

1. Iniciar os trámites para a desafectación do uso educativo do edifizo do antigo Grupo Escolar Pedrosa Latas de Celeiro para destinalo a usos sociais ou culturais.
2. Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Lugo a autorización previa á desafectación do citado Grupo Escolar.
3. Notificar o presente acordo, coa documentación preceptiva, á Consellería de Educación.



13º.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. Alcalde outórgase o uso da palabra ao concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta que formula o seguinte rogo:

Con motivo da chegada a Galicia da Volta Ciclista a España do 2007 despois de once anos de ausencia, plantéxase que se produza unha saída de etapa desa volta dende Viveiro, sinalando que non é preciso que insista na repercusión dese feito, tanto a nivel nacional como internacional, e facendo notar que o custo real e de vinte mil €uros, xa que corenta mil os aportaría a Secretaría Xeral para o Deporte e mencioando a seguir que existe interese nalgún concello desta zona en ter esta saída de etapa.

Polo Sr. Alcalde manifestase ter por atendido o rogo sinalando que estiveron insistindo na Volta Ciclista a Galicia como non van a considerar un compromiso como o que presenta o Concelleiro do BNG e que adoptarán o acordo correspondente.

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño fórmulase o seguinte rogo:

Como xa coñece a Corporación ao falecer as señoras Pérez Labarta convería realizar contactos, se é que nos se fixeron, cos herdeiros das citadas señoras tendentes á adquisición do Pazo de Grallal.

O Sr. Alcalde resposta que tivo unha reunión co Director Xeral de Patrimonio para que pola Xunta se financiara un estudio de catalogación do contido do citado inmueble tanto referido a mobiliario e libros cara a estudar a posible adquisición indicando que construír non se pode.

Polo voceiro do PP, se manifesta que se tivo coñecemento dunhas ameazas verbais recibidas polo Enxeñeiro municipal dunhos empregados dunha promotora inmobiliaria polo que roga se manifesta unha reprovación da Alcaldía a esas persoas e se de conta das actuacións levadas a cabo para responder deses feitos.

A continuación polo Sr. Alcalde procédese a dar lectura dos escritos presentados polo PP nos que se require diversa documentación:

1. Petición da copia do informe de Secretaría aos orzamentos municipais.

Polo Sr. Alcalde cédesse o uso da palabra a Secretaria do Concello que indica que o informe ao orzamento emitíuse polo Sr. Interventor municipal como é preceptivo nun asunto que para a súa aprobación require maioría simple; indicando que igualmente polo citado funcionario se informou legalmente á alegación presentada polo grupo do PP contra aprobación do orzamento municipal do presente ano .

2. Documentación que conteña a relación completa de persoal funcionario e laboral.

Polo Sr. Alcalde se contesta que lle facilitará a documentación que lle entregue o servizo de Intervención.

3. Documentación na que conste a relación de persoal pertencente ás empresas participadas polo Concello.

O Sr. Alcalde indica que se solicitará a ditas empresas a referida documentación.

4. Solicitan copia das cartas remitidas polo Sr. Alcalde á Consellería de Política Territorial en relación coa suspensión da aplicación das NSPM.

Polo Sr. Alcalde respóndase que xa se publicou no Heraldo de Viveiro a carta enviada a dita Consellería, puntualizando que a data é do día 27 de marzo e non do 24 dese mes.



5. Solicitan copia do escrito da Consellería de Medio Ambiente relativo a puntos de vertido incontrolado.

Polo Sr. Alcalde se contesta que el mesmo solicitou a emisión dun informe sobre a legalidade da petición polo PP, do montante da documentación solicitada que non entende que sexa para exercer un control da acción do goberno municipal senón para incidir nas materias que son competencia da Alcaldía ou da Xunta de Goberno.

6. Información sobre o acordo da Xunta de Goberno de 3 de maio de 2006; no que se solicitou a ampliación do prazo para preguntar alegacións á suspensión das NSPM.

7. Solicitan copia do informe da Policía Local, punto 6.30 da Xunta de Goberno de 15 de maio de 2006, sobre incidencias no peche de establecementos.

Polo Sr. Alcalde se resposta que se facilitará copia do informe da Policía Local.

8. Solitan copia dos informes técnicos e xurídicos emitidos á licenza de obra solicitada por D. Francisco Fraga Labayen.

9. Solicitan copia do escrito da FEGAMP, tratado no punto 3. da Xunta de Goberno de 6 de xulio de 2006.

Polo Sr. Alcalde se indica que se facilite a documentación, e que xa se comentou o asunto na Comisión Informativa de Obras.

10. Solicitan copia do escrito de Portos de Galicia, que figura na Xunta de Goberno de sesión de 3/9/2006, sobre plazas de uso público no Pantalán

Polo Sr. Alcalde se resposta que son documentos de tramitación administrativa.

11. Solicitan copia do escrito do anticipo ás Xuntas de Cofradías que figura na sesión da Xunta de Goberno do punto 5.3 de 12/6/2006.

Polo Sr. Alcalde se resposta que as aprobacions de pagos figuran nas actas da Xunta de Goberno.

12. Solicitan o nome dos concelleiros que son os encargados da celebración das festas patronais así como as persoas que intergran esa Comisión.

O Sr. Alcalde resposta que as festas patronais desde o ano 2003 son organizadas polo grupo de goberno municipal sendo responsable el mesmo, como Alcalde-Presidente.

13. Solicitan copia da proposta que figura no punto 5.18 da Xunta de Goberno de 12/6/2006.

Polo Sr. Alcalde se resposta que se facilite a documentación.

14. Solicitan copia do escrito que figura no punto 5, da sesión da Xunta de Goberno de 5/11/2006, remitido por D. Hipólito Trinidad Losada.

Polo Sr. Alcalde respóstase que se facilitará se non hai inconveniente de carácter legal.

15. Se pregunta se se ten coñecemento de qué persoas organizaron actividades festivas no campo de Xunqueira e comidas, na instalación que alí existe.

O Sr. Alcalde resposta que as persoas se encontraban autorizadas, indicando que a edificación non é de titularidad municipal senón do Barrio de Xunqueira.



Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño se indica á Alcaldía que os escritos presentados polo seu grupo a os que se refiriu o Sr. Alcalde consisten nunha petición de documentación do PP e non supoñen unha formulación de preguntas para ser contestadas neste órgano polo que non entende que se estén a tratar neste punto da orde do día.

Seguidamente pola concelleira do PP, D. Marta Pérez Lage, se formula a seguinte pregunta:

O día 23 de febreiro de 2004 celebrouse unha sesión plenaria, na que se acordou celebrar unha Bienal Internacional Maruja Mayo e como queira que transcurriu un tempo prudencial solicitan se informe sobre ese asunto formulando as seguintes cuestións :

1. ¿Creouse o Padroado? .
2. ¿Fundouse o Comité?.
3. ¿Nomeouse o Xurado?.
4. ¿Publicarónse as Bases?.
5. ¿Cantos participantes houbo?
6. ¿En qué partida presupostaria se consignou?
7. ¿Cómo non hai noticia dese Premo?

Polo Sr. Alcalde respóndase que no ano 2005 non se aprobou Presuposto Xeral do Concello e que este ano 2006 o presuposto aprobouse o 10 de agosto e se vai a convocar o Padroado; engadindo que unha empresa está xunto coa Secretaría Xeral de Comunicación na tarefa de elaborar un documental sobre a pintora Maruja Mayo e tamén participaron na organización do evento citado.

Polo concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz indícase que pola Alcaldía deuse lectura a unhas escrituras nos que eles solicitaban documentación e pregunta ¿Por qué razón despois de solicitadas tres veces se lles entregan en outubro, as actas das comisións informativas de obras celebradas no mes de maio?.

O Sr. Alcalde responde que se lles entregan despois de asinados por el mesmo e que el as asina cando se lles poñen á firma.

Polo voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro se pregunta se o centro municipal de información a muller tivo irregularidades,

Neste intre o voceiro do PP D. César Aja Mariño presenta disculpas a os restantes grupos políticos xa que non permitíndoselles pola Alcaldía a formulación de máis preguntas van a abandonar a Sesión; procedendo a facelo os concelleiros do grupo do PP sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos.

Ao seguir polo concelleiro do IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1. A Asociación de Comerciantes do Casco Antigo acordou pechar os establecementos comerciais os domingos de ferias. ¿Fíxose algún estudo sobre este feito?

O Sr. Alcalde responde que non se fixo pois se trata dun acordo da Asociación de Comerciantes do Casco Antigo.

2. A segunda fase do Paseo do Landro está sen entregar e os veciños de Castelo fan unha reclamación respecto ao camiño que vai desde Coto ata ese Paseo, camiño que se atopa pechado.

Polo Sr. Alcalde respóndase que ese camiño xa non puido ser usado por Costas.

3. Rogo a que no paso de peóns de Xunqueira se faga elevado pois xa se produciron varios atropellos.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

E ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e catro horas e trinta minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.